



- **Una web recopila las partituras de Marcial del Adalid, padre de la canción clásica gallega**

ABC GALICIA - 47 - 23/02/2024

- **A RAG difunde nunha páxina web as partituras de Marcial del Adalid**

EL IDEAL GALLEGO - 10 - 23/02/2024

- **A RAG difunde as partituras de Marcial del Adalid nunha nova páxina web**

EL PROGRESO - 50 - 23/02/2024

- **La música de Marcial del Adalid sube a la red**

LA OPINIÓN DE LA CORUÑA - 7 - 23/02/2024

- **A RAG difunde as partituras de Marcial del Adalid nunha nova web**

LA VOZ DE GALICIA - 31 - 23/02/2024

- **A RAG dedica unha web a difundir a vida e obra do compositor Marcial del Adalid**

NÓS DIARIO - 29 - 23/02/2024

Una web recopila las partituras de Marcial del Adalid, padre de la canción clásica gallega

► La RAG difunde un catálogo digital con las obras del compositor y de su archivo familiar

PABLO BAAMONDE
SANTIAGO

De la musicalización de poemas a los géneros de salón, escénico o sinfónico; pasando por la invención de nuevas melodías que bebían del origen popular; hasta composiciones de zarzuela y de ópera. El coruñés Marcial del Adalid (1826-1881), pionero en la incorporación a la música académica de la lengua gallega y autor de cerca de 300 títulos conocidos, es uno de los creadores más relevantes de la escena gallega y española de su tiempo. Ahora, la Real Academia Gallega (RAG) acaba de poner en marcha una web (marcialdeladalid.academia.gal), elaborada a partir del conjunto bibliográfico y archivístico del músico que la institución conserva desde 1928, que pone a disposición de los usuarios el catálogo de las piezas compuestas por Del Adalid y el de su biblioteca musical familiar.

La web ofrece, como primer plato, el catálogo de la producción musical del compositor, que permite descargar las partituras de su autoría en versión digital y, junto a algunas de ellas, también se incluyen grabaciones de sus interpretaciones a manos de distintos músicos; la oferta, avanza la RAG, en su estado final «abarcará próximamente la totalidad de los manuscritos y de las ediciones impresas» que conserva la institución. La otra novedad es la posibilidad de acceder a los escritos de las piezas que contenía el inventario de la biblioteca musical familiar, «una pequeña joya de la bibliografía musical europea» con primeras ediciones y ejemplares raros, «en ocasiones únicos», de grandes creadores del siglo XIX. Ambos catálogos nacieron como parte de la tesis de doctorado que la musicóloga Laura Touriñán Morandeira (USC) le dedicó al músico coruñés en 2020.

Otra sección recopila la biografía del autor en cuatro apartados —'Vida', 'Contexto histórico', 'Obra' y 'Legado en la RAG'—, y en una cuarta, la mediateca, es posible visualizar y descargar fotografías de Marcial del Adalid y su familia, y ver, agrupadas, las referidas grabaciones audiovisuales de piezas del autor. Una última sección permite acceder a las publicaciones de la Academia en torno a la figura del músico. «Dos de ellas son ya históricas», abunda la



Marcial del Adalid //CEDIDA (RAG)

RAG, mientras que la última consiste en otra contribución de Laura Touriñán que, sorprendentemente, «desvela nuevos datos sobre el autor».

«Piezas de un rompecabezas»

Para el académico y musicólogo Fernando López-Acuña, Touriñán llevó a cabo una investigación exhaustiva en la que «toda la bibliografía consultada es sometida a la crítica». En su estancia en el Reino Unido, como becaria, en la Royal Academy of Music, la gallega buscó el rastro que dejó el compositor en Londres; como «ejemplo de su buen hacer», López-Acuña señala que, entre otras pesquisas, la investigadora indagó en los archivos eclesiásticos castrenses buscando «el acta de matrimonio entre Marcial del Adalid y Fanny Garrido (1842-1917)», que finalmente encontró. Touriñán presenta, en su trabajo, «multitud de datos nuevos que, una vez depurados, como piezas de un rompecabezas van configurando una biografía de Del Adalid que la autora sitúa perfectamente en su contexto histórico», resume el académico.

La RAG recibió la biblioteca musical y el archivo del compositor el 12 de diciembre de 1928 por donación de María del Adalid, la única hija que había tenido con su mujer, la escritora y académica Fanny Garrido, colaboradora literaria en algunas de sus obras más singulares, como sus cantares gallegos. «Con esta nueva web y el libro que firma Laura Touriñán, la institución salda en parte esta deuda histórica», destaca el presidente de la RAG, Víctor Fernández Freixanes, con «un autor que sobresalió por ser pionero en la búsqueda del sonido de la galleguidad desde la música académica».

CINE

Ferrol felicita a la directora y productora Chelo Loureiro tras ganar su cuarto Goya

ABC SANTIAGO

El alcalde de Ferrol, José Manuel Rey Varela, expresó ayer la «sincera felicitación» de su Concello a la directora y productora cinematográfica Chelo Loureiro, natural de la ciudad, que este mes logró su cuarto Premio Goya por el cortometraje de animación 'To bird or not to bird'. El regidor entregó a Loureiro una pieza de Sargadelos en la que se representa la figura de Gonzalo Torrente Ballester y manifestó que la ferrolana

«contribuye, al igual que otras mujeres, a hacer esta ciudad más grande». Su cuarto Goya «es sin duda un sueño que convirtió en realidad a base de tesón y esfuerzo», subrayó el alcalde. Por su parte, Loureiro se expresó orgullo por que «los artistas» puedan «vivir con su talento» y se consideró afortunada de poder «hacer cine desde Ferrol» y, al mismo tiempo, viajar «por todo el mundo, como es lo que está pasando con nuestras películas»



Teresa Búa, la alumna que recibió el galardón //UDC

PREMIO DE LA VALEDORA DO POBO

Una alumna de la UDC, galardonada por un trabajo sobre derechos de las mujeres

ABC SANTIAGO

Una alumna de la Universidade da Coruña (UDC), Teresa Búa Zache, fue galardonada en la IV edición del Premio de la Valedora do Pobo a los mejores trabajos de fin de grado y de fin de máster en materia de igualdad y de derechos de las mujeres, según recogió Ep de fuentes del rectorado. Fue por su trabajo de fin de máster titulado 'Legislar y juzgar desde la perspectiva de género: especial referencia al ámbito del derecho penal y los delitos sexuales'.

Teresa Búa, de 24 años y natural de Carballo, cursó el master en abogacía entre los años 2021 y 2023, superando el TFM con matrícula de honor. El premio de la Valedora do Pobo consiste en una dotación económica y un diploma acreditativo. La estudiante ya había recogido el año pasado, por este mismo trabajo, el segundo premio del concurso de trabajos académicos con perspectiva de género Ángeles Alvaríño, que convoca la Oficina para la Igualdad de Género de la UDC.

PENA DE CÁRCEL

Tres años y medio para el hombre que acuchilló a una mujer en la calle en Marín

ABC SANTIAGO

La sección cuarta de la Audiencia Provincial de Pontevedra condenó a tres años y seis meses de prisión a un hombre, A.D., por acuchillar en Marín a una mujer que paseaba por la calle en febrero de 2023; en el momento de la detención, el hombre había alegado que el diablo le había ordenado matar. El juicio se resolvió tras alcanzar las partes un acuerdo de conformidad, por el que el fiscal rebajó a tres años y seis meses

su petición de pena, que inicialmente era de ocho años. El acusado, de 51 años y drogodependiente, padece un trastorno esquizoafectivo y, en el momento de los hechos, sufría un brote psicótico que «le impedía comprender e interpretar adecuadamente su entorno y de obrar libremente según su comprensión». Ante el tribunal de la sección cuarta, el encausado se reconoció autor de los hechos y aceptó los términos del acuerdo.



A RAG difunde nunha páxina web as partituras de Marcial del Adalid

A clasificación está baseada no traballo da musicóloga Laura Touriñán, autora dun volume sobre o personaxe

REDACCIÓN A CORUÑA

A Real Academia Galega (RAG) difunde as partituras do compositor coruñés Marcial del Adalid nunha nova web con músicos do Rexurdimento. Trátase, explicou a entidade nun acto onte, dun espazo que ofrece, entre outros recursos, o catálogo das pezas compostas polo compositor e tamén da biblioteca musical familiar, entre outros materiais.

A clasificación, según se explicou na presentación por parte dos responsables da institución académica, está baseada no traballo da musicóloga Laura Touriñán Morandeira.

Carreira prolífica

Autor de case 300 títulos coñecidos, a práctica totalidade das composicións de Marcial del Adalid, tanto en manuscritos como en obra impresa, consérvanse na Real Academia Galega, que custodia desde 1928 un conxunto bibliográfico do músico. O presidente da entidade cultural, Víctor F. Freixanes, o académico correspondente e musi-



Fernando López-Acuña, Víctor F. Freixanes e Laura Touriñán | MÓNICA ARCAZ

“Un autor que sobresaíu por ser pioneiro na procura do son da galegitude”, indicou Freixanes

cólogo Fernando López-Acuña, e a investigadora mencionada presentaron o libro realizado por Laura Touriñán e publicado en torno á figura do compositor e o seu legado na institución académica.

Freixanes engadiu que a RAG recibiu a biblioteca musical e o arquivo de Del Adalid o 12 de decembro de 1928 por doazón de María del Adalid, a única filla que tivera coa súa dona, a escritora e académica Fanny Garrido (1842-1917). “Desde entón a Academia séntese obrigada coa memoria dun dos músicos máis representativos do noso Rexurdimento. Con esta nova web e o libro que asina Laura Touriñán, a institución salda en parte esta débeda histórica”, apuntou, calificando ao músico como “un autor que sobresaíu por ser pioneiro na procura do son da galegitude”.

Considerado un dos precursores nun camiño que foi secundado por autores posteriores como Pascual Veiga, Juan Montes ou Baldomir, toda a biografía e obra de Del Adalid pode consultarse na páxina marcialdeladalid.academia.gal.

“Con certeza é un dos personaxes máis relevantes da nosa historia da música e da cultura galegas, pero tamén un dos autores decimonónicos máis destacables da historia da música española”, destacou a autora do volume, Laura Touriñán, no acto de onte na Fundación Luis Seoane da Coruña. ●



Pinos, Trigueros y Guida tocan con la Sinfónica

La trombonista Amanda Pinos, ganadora del certamen de solistas del Conservatorio Superior, ofreció un concierto junto a la Orquesta Sinfónica de Galicia (OSG), el director José Trigueros y el violonchelista Lorenzo Guida. FOTO: PATRICIA G. FRAGA



Comienza la Mostra Cinema por Mulleres

La II Mostra Internacional Cinema por Mulleres A Coruña, que desde hoy hasta el 9 de marzo proyectará una selección de 20 largometrajes españoles e internacionais con dirección femenina, contó ayer con un coloquio de apertura. FOTO: PATRICIA G. FRAGA

Cines

VELMO ESPACIO CORUÑA 3D

ARGYLLE 21:55

BOB MARLEY: ONE LOVE

18:00 | 20:15 | 22:35

CUALQUIERA MENOS TÚ

17:45 | 20:00 | 22:15

FERRARI 19:10

KIMETSU NO YAIBA 16:55 | 19:00 | 21:10

LA PISCINA 21:50

LOS GUARDIANES DEL MUSEO 17:15

MADAME WEB 17:00 | 19:30 | 22:00

OCHO APELLIDOS MARROQUÍ

19:45 | 22:20

POBRES CRIATURAS 19:30

POLÍTICAMENTE INCORRECTOS

18:25 | 20:30 | 22:30

SOUL 17:30

WONKA 17:00

CINESA MARINEDA CITY 3D

ARGYLLE 17:30 | 20:30

BOB MARLEY: ONE LOVE

16:20 | 19:00 | 21:30

BUSCANDO A COQUE 16:05 | 22:10

CUALQUIERA MENOS TÚ

16:00 | 18:30 | 21:00

EL CORREO 19:40

FERRARI 15:50 | 18:45 | 21:40

GUARDIANES DE LA NOCHE: KIMETSU NO

YAIBA 17:00 | 19:30 | 21:55

HORROR PARK 17:20 | 20:10 | 22:20

LA PISCINA 20:00 | 22:25

LOS GUARDIANES DEL MUSEO

16:00 | 18:05

MADAME WEB 16:30 | 19:15 | 22:00

MIGRACIÓN. UN VIAJE PATAS ARRIBA

17:45

POBRES CRIATURAS 18:15 | 21:15

PRISCILLA 15:55 | 21:20

WONKA 18:40

CANTONES CINES

O CORNO (VOSE) 18:00

SOLO QUEDA LA DANZA (VOSE) 20:30

POLÍTICAMENTE INCORRECTOS

18:30 | 20:30 | 22:30

KIMETSU NO YAIBA (VOSE) 17:45 | 20:00

SECRETOS DE UN ESCÁNDALO

17:30 | 19:45 | 22:00

BOB MARLEY: ONE LOVE 18:15 | 22:45

PRISCILLA 17:15 | 19:30

CUALQUIERA MENOS TÚ 17:45

FERRARI 19:45

ANATOMÍA DE UNA CAÍDA 22:15

LA SOCIEDAD DE LA NIEVE 21:30

SALA DE PROFESORES 22:30

POBRES CRIATURAS (VOSE) 20:00

MADAME WEB 22:15





Chus Pato (esquerda) e Xabier Cordal, onte na librería Trama de Lugo. SEBAS SENANDE

«Navegando o río Guayas xurdiu este poemario»

► Chus Pato presentou onte en Trama 'Sonora', o seu último libro

VANESA BRAN BRAN
* cultura@elprogreso.es

LUGO. As verbas flúen dun xeito semellante a unha pinga de auga cando un menos o espera. Na mente dun escritor xorden de xeito repentino tras unha súbita inspiración que pode chegar en calquera lugar e en calquera momento. A Chus Pato a inspiración para o seu último poemario presentouse en Ecuador atravesando as ondas da auga. Tras o falecemento de súa nai, a poeta viaxou á cidade de Guayaquil e alí brotou o xerme de 'Sonora'. «Foi navegando o río Guayas cando empezaron a xurdir as primeiras palabras que teñen que ver con este poemario», recorda a autora.

Unha das voces máis representativas da poesía galega contem-

poránea regresa cun novo traballo que, dalgún xeito, presenta un diálogo coa morte e co loito tras o pasamento de súa nai. «É unha escritura que se desenvolve arredor da morte entendéndoa como un camiño de coñecemento da vida», precisa.

A obra está estruturada en nove partes que, como describe a escritora, son nove ondas, «nove círculos concéntricos que se producen, por exemplo, cando unha pinga de choiva cae na auga».

A autora reflexiona a través dos versos sobre o paso do tempo, sobre as vivencias, sobre a terra, e debuxa esa relación maternal, agora truncada.

Pato debullou onte os trazos do seu poemario na librería Trama de Lugo acompañada do tamén poeta

Xabier Cordal, a quen a autora lle dedica un poema en 'Sonora' pola relación de amizade que os une desde hai 40 anos.

Autora de doce poemarios polos que recibiu varios premios como o Nacional da Crítica Española, en dúas ocasións, e o Losada Diéguez, Chus Pato recorda que a súa primeira creación poética a xurdiu cando tiña só 10 anos nunha aula do colexio. «Estaba na clase de Xeografía e mentres a mestra recitaba as comarcas de España eu miraba pola fiestra. Ali vin o ábside da catedral de Ourense e unha vaca pacendo nun prado cercano, e así fixen o meu primeiro poema», recorda case sete décadas máis tarde unha autora e académica da RAG para a que a escritura xa é un xeito de ver a vida.

A RAG difunde as partituras de Marcial del Adalid nunha nova páxina web

EUROPA PRESS

A CORUÑA. A Real Academia Galega (RAG) difunde as partituras do compositor coruñés Marcial del Adalid nunha nova páxina web con músicos do Rexurdimento.

Trátase dun espazo que ofrece, entre outros recursos, o catálogo das pezas compostas polo compositor e tamén da biblioteca musical familiar, entre outros materiais.

A clasificación, segundo se explicou na súa presentación por parte dos responsables da institución académica, está baseada no traballo da musicóloga Laura Touriñán Morandeira.

Autor de case 300 títulos coñecidos, a práctica totalidade das composicións de Marcial del Adalid, tanto en manuscritos como en obra impresa, consérvanse na Real Academia Galega (RAG), que custodia desde 1928 un conxunto bibliográfico do músico.

O presidente da RAG, Víctor F. Freixanes, e o académico correspondente e musicólogo Fernando López Acuña e a investigadora presentaron onte un libro realizado por Laura Touriñán e publicado ao redor da figura do compositor.

No acto, o presidente da RAG, Víctor Freixanes, lembrou que seu fillo cedeu o patrimonio de seu pai á RAG, «Figura fundamental no discurso da música galega e clave no principio do Rexurdimento», resumiu sobre Marcial del Adalid na presentación de ambas as iniciativas, a publicación e a web, ambas as apoiadas economicamente pola Deputación de Pontevedra.

Sarabela estrea hoxe en Ourense 'O dragón de ouro', unha obra sobre migración

EUROPA PRESS

OURENSE. Sarabela Teatro traerá ao galego por vez primeira ao prestixioso dramaturgo alemán Roland Schimmelpfennig, poñendo en escena 'O dragón de ouro', un dos seus espectáculos máis representados a nivel internacional, no que se abordan cuestións actuais, como as situacións derivadas da inmigración.

O espectáculo, cuxo estrea terá lugar hoxe no teatro Principal de Ourense, preséntase como unha traxedia contemporánea que mestura o ton performativo con elementos grotescos. Todo para achegar ao público unha fonda reflexión sobre temas esenciais no debate social actual.

Así o explicou Ánxeles Cuña Bóveda, directora do espectáculo, nunha rolda de prensa na que estivo acompañada polo director da Agadac, Jacobo Sutil, o vicepresidente segundo da Deputación de Ourense, César Fernández, e a directora do Teatro Principal, Olga Mouteira.

A montaxe 'O dragón de ouro' aborda temas de calado que van desde a inmigración ilegal á prostitución forzada, pasando pola natureza cotiá das relacións humanas.

25 PERSONAXES. Fina Quella, Fernando Dacosta, Sabela Gago, Fernando González e Fran Lareu conforman o elenco da montaxe, que se enfrontará a un reto escénico trepidante: encarnarán 25 personaxes diferentes nunha sucesión de 48 escenas para cruzar 23 personaxes.

Dakidarría únese ao cartel da Candeloria tras a baixa de Familia Caamagno

► A banda, que actuará o 1 de marzo no Pazo de Feiras e Congresos de Lugo, súmase a un cartel composto por máis dunha ducia de grupos

R.L.

LUGO. O festival da Candeloria anunciou onte que Dakidarría actuará o próximo 1 de marzo no Pazo das Feiras e Congresos de Lugo. É a última confirmación dun cartel composto por máis

dunha ducia de bandas nacionais e internacionais.

Dakidarría entra na programación no lugar de Familia Caamagno, que cancelou a súa presenza no festival por «motivos estritamente persoais dos membros» da banda, segundo informaron nun comunicado.

A organización do festival lucense destacou que «con máis de 20 anos de traxectoria, Dakidarría é un dos grupos máis recoñecidos da escena do ska e punk-rock galega. Con letras de profunda crítica social e un directo potente, a banda promete chegar a Cande-



Dakidarría. EP

loria coa mesma esencia coa que conquistaron os palcos galegos e nacionais nos últimos anos».

Un dos pratos fortes da edición e a despedida do grupo valenciano Zoo, que tocará o día 1 de marzo ás 22.55 horas. O seu paso por A

Candeloria será a única parada en Galicia «dunha banda que dende 2014 revolucionou a escena musical estatal».

E non será a única despedida, o grupo Los Chikos del Maíz, vellos coñecidos do festival, anunciou

recentemente unha «tregua indefinida» dende o próximo ano. Pasarán polo palco o sábado ás 23.30 horas.

Completan o cartel do venres 1 de marzo Rebelion do Inframundo, Dakidarría, Pigs Parliament, o grupo de rap Ira, Kamikazes e Jordi Pánico será o DJ entre actuación e actuación.

O sábado 2 de marzo pasarán polo palco, xunto a Chikos del Maíz e Mafalda, Soziedad Alcoholic, a banda de ska punk italiana Talco, o dúo feminino Tribade e Arrhythmia. Tamén participarán na festa Me Fritos and The Gimme Cheetos e La Duendeneta animará entre actuacións.

A Candeloria completa a súa programación cos xa tradicionais cantos de taberna. A nove agrupacións pasarán por distintas tabernas da cidade lucense para animar o mediodía do sábado.

ANA CARRO
A CORUÑA

A Coruña pone su granito de arena en la lucha contra el cáncer y lo demuestran los proyectos que los investigadores están desarrollando. Dos de ellos, uno liderado por Angélica Figueroa del Instituto de Investigación Biomédica (Inibic) y otro de la médico del Complejo Hospitalario Universitario de A Coruña (Chuac) Sofía Silva, han recibido una ayuda de la Asociación Española contra el Cáncer, cuyo presidente, Manuel Aguilar, recuerda que “la investigación oncológica no es solo un desafío científico, sino también una responsabilidad social compartida”.

Lo manifestó ayer en un acto en el Colegio de Médicos de A Coruña, en el que se presentaron las Ayudas a la Investigación AECC 2023. “La asociación en A Coruña ha hecho un cambio en su estrategia y visibiliza mucho a los investigadores de Galicia, lo que ayuda a posicionarlos en el mapa a nivel nacional”, indica Angélica Figueroa. Es la líder del grupo del Inibic que ha recibido 180.000 euros para desarrollar nuevos compuestos que permitan bloquear el desarrollo tumoral y las metástasis en cáncer de colon. El reto es mejo-

Empujón a la lucha contra el cáncer desde A Coruña

Un estudio del Inibic recibe una ayuda para trabajar en el desarrollo de compuestos para detener la metástasis en el cáncer de colon



El vicepresidente de la asociación, Carlos Lamora, ayer, en la presentación de las ayudas. // Carlos Pardellas

rar el resultado de la quimioterapia. “Es algo absolutamente pionero. Por ahora, este proyecto de innovación está en una fase muy joven, pero la investigación de hoy redundará en los pacientes del futuro”, avisa.

Figueroa recuerda que “los pacientes no se mueren por la presen-

cia de un tumor sino por las células que se van a otros órganos”. Por ello, su equipo trabaja en el desarrollo de “nuevos compuestos” que permitan bloquear la metástasis. “Lo que queremos hacer es combinar estos compuestos con la quimioterapia y que haga el efecto de

parar el crecimiento del tumor y también frenar el proceso de metástasis”, expone.

Angélica Figueroa insiste en que ayudas como la de la AECC son “fundamentales” para seguir avanzando. “El cáncer nos puede tocar a todos como pacientes, familiares o cuidadores”, alerta.

La médico residente en Oncología del Chuac, Sofía Silva, ha recibido 2.250 euros para cursar un diploma de especialización en oncología traslacional durante 2024. Otros cuatro proyectos de la provincia también han logrado el impulso de la AECC. Estos se centran en el tratamiento de la caquexia —pérdida de músculo— asociada al cáncer, los mecanismos moleculares de adaptación del tumor a los tratamientos de cáncer de mama, la mejora del diagnóstico precoz de tumores cerebrales y el estudio del papel de las variantes del ADN mitocondrial en la formación de tu-

morens y metástasis mediante modelos animales. El objetivo, ha subrayado el vicepresidente de la asociación en A Coruña, Carlos Lamora, es abrir “caminos hacia un futuro sin cáncer, para prevenirlo, curarlo o cronificarlo”.

El objetivo, ha subrayado el vicepresidente de la asociación en A Coruña, Carlos Lamora, es abrir “caminos hacia un futuro sin cáncer, para prevenirlo, curarlo o cronificarlo”.



Alberto Ramil y Ana López. // LOC

La Eurorregión galaico-portuguesa distingue a dos investigadores de la Universidade

Trabajan con láser para desvelar aspectos ignorados de una iglesia románica lusa

REDACCIÓN
A CORUÑA

Alberto Ramil y Ana J. López, miembros del Laboratorio de Aplicaciones Industriales del Láser del Centro de Investigación en Tecnologías Navales e Industriales del campus universitario de Ferrol, fueron distinguidos con el resto de componentes de su equipo por su artículo de investigación sobre la iglesia de Nossa Senhora de Guadalupe, en Mouçós e Lamas. La Agrupación Europea de Cooperación Territorial de la Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal apreció que su trabajo revela importantes hallazgos históricos y etnográficos en el templo gracias al uso de la tecnología láser.



Teresa Búa. // LOC

La Valedora do Pobo premia el trabajo de fin de máster de una alumna coruñesa

REDACCIÓN
A CORUÑA

Teresa Búa Zache, alumna del máster de Abogacía de la Universidade da Coruña, recibió el IV Premio da Valedora do Pobo al mejor trabajo sobre igualdad y derechos de las mujeres por su obra *Lexislar e xulgar desde a perspectiva de xénero: especial referencia ao ámbito do delito penal e aos delitos sexuais*.

La música de Marcial del Adalid sube a la red

La Real Academia Galega crea una web con las partituras y la biografía del destacado músico coruñés

JOSÉ MANUEL GUTIÉRREZ
A CORUÑA

Marcial del Adalid fue uno de los músicos españoles más destacados del siglo XIX, pero sus creaciones no eran hasta ahora fácilmente accesibles para quienes deseaban interpretarlas o estudiarlas. Una iniciativa de la Real Academia Galega presentada ayer hace ya posible su conocimiento, ya que acaba de crear una página web —*marcialdeladalid.academia.gal*— sobre este compositor en la que no solo se informa sobre su vida y trayectoria artística, sino que también se facilitan las partituras de tres centenares de sus obras que se conservan en la institución académica.

Del Adalid, nacido en A Coruña, en 1826 y fallecido en Oleiros en 1881, está considerado uno de los primeros en introducir el gallego y la inspiración en las melodías populares. El lanzamiento de su web se desarrolló gracias al trabajo de la musicóloga Laura Touriñán, autora del libro *Marcial del Adalid e o seu*



Fernando López-Acuña, Víctor Fernández Freixanes y Laura Touriñán, en la Fundación Luís Seoane. // C. P.

legado na Real Academia Galega, para quien es “uno de los personajes más relevantes de nuestra historia de la música y de la cultura gallega”, así como “uno de los autores

decimonónicos más destacables de la historia de la música española”.

En la presentación de la web y el libro, el presidente de la Academia, Víctor Fernández Freixanes, se-

ñaló que estas publicaciones permiten a la entidad “saldar una deuda histórica” con “uno de los músicos más representativos del Rexistamento”.



«“O cabronario” gardouse porque non se podía publicar entón en España»

Luscofusco Edicións edita 45 poemas inéditos de Celso Emilio Ferreiro

JORGE LAMAS
VIGO / LA VOZ

«Este material foi gardado polo meu pai porque daquela non era posible publicalo en España», di Xabier Ferreiro para referirse a *O cabronario*, un conxunto de poemas escritos polo seu pai, Celso Emilio, nos anos setenta da pasada centuria. Agora xa é posible. Ademais, é a estrea de Luscofusco Edicións, o novo selo da compañía Mundo Detrás do Marco, que se suma a Editorial Elvira e Fosfatina Ediciones.

A xénese deste libro sitúase a comezos dos anos setenta en Venezuela como unha continuación do libro *Al César enano*. «Tras aqueles doce poemas empezaba *O cabronario*, que é como el denominou este conxunto; pero quedaron gardados nun caixón», explica Xabier Ferreiro, que non dubida en cualificalo como politicamente incorrecto. Pero non todos aqueles poemas medraron en Caracas. Pontevedra e Vigo tamén serviron de berce a aquela «mala uva» que narrou Carlos Casares aos lectores de *La Voz de Galicia* nun artigo no que falaba en 1992 daqueles poemas. Non era o único que os coñecía. Ramón Nicolás, Xosé Luís Méndez Ferrín ou Luís Gonçalves Blasco, Foz, tamén sabían deles, segundo relata Xabier Ferreiro.

O libro agora publicado por Luscofusco contén 44 poemas inéditos e un soneto, titulado *Paco, el cabrón*, que si foi publicado nun cancionero. Dese conxunto, catro poemas están escritos en galego, e o resto, en castelán.

«No libro hai unha sección na que se inclúen notas histórico-xeográficas onde se vai explicando poema a poema para colocar o lector na posibilidade de interesarse pola contextualización deste. Pensamos que habere-



Xabier Ferreiro, fillo de Celso Emilio, ri co editor do novo libro, Xabier Romero. XOÁN CARLOS GIL

rá xente nova que quizais non teña idea da temática», sinala Xabier Ferreiro. Esa temática á que se refire é unha crítica directa ao réxime franquista e á súa figura creadora, pero tamén á Igrexa e á dinastía borbónica. Xabier Ferreiro asume tamén a autoría do limiar do libro para profundar na súa xénese, a traxectoria do seu pai, dende os seus comezos en Vigo e a época de Venezuela, pero tamén a situación daqueles anos tanto no eido internacional coma en España. «Fago un pouco de pedagogía histórica», resume.

Aínda que esta obra é descoñecida para o gran público, Xabier Ferreiro advirte que recolle uns poemas nos que se recoñece perfectamente a Celso Emilio, «sobre todo, nos sonetos, porque el era da escola quevediana, e tiña un gran dominio dos sonetos; no libro veñen uns cantos».

Hai cinco anos, houbo outro descubrimento de novos poemas

do escritor de Celanova. Naquela ocasión, foi o Colexio de Procuradores de Vigo, no que estivo incluído na etapa anterior a marchar a Venezuela, quen deu conta dun achado literario. «En posesión da familia xa non queda máis material inédito, non sei se quedará algo fóra do noso ámbito, aínda que non digo que non quede nalguna colección privada, pero nós non temos máis», aclara o fillo de Celso Emilio.

A biografía de Foz

No seo familiar tamén quedaron máis tranquilos coa recente publicación do libro *Celso Emilio Ferreiro, nacionalista galego* (Xerais), de Luís Gonçalves Blasco, Foz. «Nel recupera unha memoria esquecida dunha maneira artificial polos intereses da época, na que negaban que o meu pai fose tan sequera unha sombra do nacionalismo. Foz recolle unha serie de documentación

pola que explica moi ben que o meu pai foi unha persoa que loitou por este país», afirma Xabier Ferreiro. Referenda o fillo a idea coa súa propia definición do poeta: «Foi unha persoa que dedicou boa parte da súa vida a levar o nome de Galicia en alto, cunha poesía sinxela, clara e diáfana. Loitou toda a súa vida por Galicia, e en certos momentos non foi recoñecido».

Esta tarde, no Marco de Vigo, ás 20.00 horas, vai ser presentado este libro que tamén inaugura o selo Luscofusco Edicións. «Nace coa idea de estar centrado en Galicia, tanto en galego coma en castelán, pero con autores galegos. Van ser libros que teñen unha compoñente de compromiso, son históricos ou reeditados. O vindeiro probablemente sexa toda a obra de Lois Pereiro, que está esgotada, pero tamén temos *Memoria de ferro*, de Antón Patiño», avanza o editor Romero.

A RAG difunde as partituras de Marcial del Adalid nunha nova web

REDACCIÓN / LA VOZ

O pianista e compositor Marcial del Adalid (A Coruña, 1826-Oleiros, 1881), pioneiro na incorporación á música académica da lingua galega e os sons inspirados nas melodías populares do país, é un dos creadores máis relevantes da escena española do seu tempo. Autor de preto de 300 títulos coñecidos, a práctica totalidade das súas composicións, en manuscritos e en obra impresa, consérvase na Real Academia Galega, que custodia dende 1928 un conxunto bibliográfico e arquivístico que fan del referente para os estudos sobre a súa vida e obra. Tras completar a dixitalización, a entidade facilita o acceso a este rico fondo coa posta en marcha de marcialdeladlid.academia.gal, web que tamén pon á disposición dos usuarios outros contidos relacionados co autor.

A RAG ofrece, por unha banda, o catálogo da produción musical de Del Adalid e partituras da súa autoría en versión dixital, recursos que abranguerán proximamente a totalidade dos manuscritos e as edicións impresas conservadas no arquivo e a biblioteca da institución. É tamén posible consultar o catálogo da biblioteca musical familiar, pequena xoia da bibliografía musical europea con mores de primeiras edicións e exemplares raros, en ocasións únicos, de grandes creadores do XIX. Ambos os catálogos naceron como parte do proxecto de investigación da tese de doutoramento que a musicóloga Laura Touriñán lle dedicou ao músico e que defendeu na USC no 2020.

Noutra sección percórrese a biografía do autor; e na mediateca é posible descargar fotografías de Marcial del Adalid e a súa familia e ver gravacións audiovisuais de músicos interpretando pezas do autor.

Cineastas gallegas debaten sobre igualdade, conciliación e visibilidade

A. G. CHOUCIÑO A CORUÑA / LA VOZ

«Canto nos custou chegar ata aquí. Agora comezamos a ver os resultados e temos que seguir avanzando», exhortó Chelo Loureiro, directora de cine de animación, al comenzar la mesa redonda *Nós tamén diriximos longametraxes*. La también productora fue la encargada de moderar el coloquio con el que se abrió la segunda edición del festival *Cinema por Mulleres A Coruña* y que

acogió el Teatro Colón.

La mesa estuvo compuesta por cuatro profesionales multipremiadas: Jaione Camborda (directora de *O corno*), Ángeles Huerta (*O corpo aberto*), Olga Osorio (*iSaltá!*) y Paula Cons (*A illa das mentiras*). «O patriarcado fixo o traballo perfecto para que nos sintamos de menos. Eu non tiña referentes, e, cando falei de estudar cine na miña casa, tomárono como unha tolemia», sostuvo

Cons al abrirse el debate sobre el síndrome del impostor y el largo camino que siguieron hasta llegar a los puestos de dirección tras años de intensa formación. «Eu fun das máis novas en sacar unha película. Con 35 anos... Pero tiven que montar a miña produtora e autofacermos», añadió Camborda. La discriminación en las inversiones también fue abordada en la charla. «A miña película tivo menos cartos ca outras da



De izquierda a derecha, sobre el escenario, Ángeles Huerta, Jaione Camborda, Chelo Loureiro, Paula Cons y Olga Osorio. EDUARDO PÉREZ

misma productora. Mientras esto non cambie, vai a ser moi difícil lograr unha equidade», lamentó Osorio. Otro factor a tratar fue el

de la conciliación: «No meu caso foi intenso. Atopar a fórmula é un reto, pero hai que conseguilo», animó Jaione Camborda.

Un pioneiro da incorporación da lingua galega á música académica

A RAG dedica unha web a difundir a vida e obra do compositor Marcial del Adalid

Redacción | Nós Diario

O pianista e compositor Marcial del Adalid (A Coruña, 1826-Oleiros, 1881), pioneiro na incorporación á música académica da lingua galega e dos sons inspirados nas melodías populares do país, é un dos creadores máis relevantes da escena galega do seu tempo. Autor de preto de 300 títulos coñecidos, a práctica totalidade das súas composicións, tanto en manuscritos como en obra impresa, consérvase na Real Academia Galega (RAG), que custodía desde 1928 un conxunto bibliográfico e arquivístico do músico que fan dela a institución de referencia para os estudos sobre a súa vida e obra. Tras completar a dixitalización destes recursos, a entidade dá un paso máis para facilitar o acceso a este rico fondo coa posta en marcha de marcialdeladalid.academia.gal, unha web na que tamén se pon á disposición das usuarias outros contidos relacionados co autor que seguirán medrando proximamente.

A RAG ofrece neste espazo, por unha banda, o catálogo da



López-Acuña, Víctor Freixanes e Laura Touriñán na presentación.

producción musical de Marcial del Adalid e partituras da súa autoría en versión dixital, unha oferta que abranguerá proximamente a totalidade dos manuscritos e das edicións impresas conservadas no arquivo e na biblioteca da institución. Noutra sección é posíbel consultar

o catálogo da biblioteca musical familiar, unha pequena xoia da bibliografía musical europea con moresas de primeiras edicións e exemplares raros, en ocasiónes únicas, de grandes creadores do s. XIX. Ambos os catálogos naceron como parte fundamental do proxecto de investigación

da tese de doutoramento que a musicóloga Laura Touriñán Morandeira lle dedicou ao músico coruñés, defendida na Universidade de Santiago de Compostela no ano 2020.

Noutra sección percórrese a biografía do autor; na mediateca é posíbel descargar fotografías de Marcial del Adalid e a súa familia e ver gravacións audiovisuais de distintos músicos interpretando pezas do autor; e noutra lapela facilítase o acceso ás publicacións da Academia arredor do músico. Dúas son xa históricas e a última, *Marcial del Adalid e o seu legado na Real Academia Galega*, outra contribución de Laura Touriñán, que sae do prelo dentro da colección Anexos do Boletín da Real Academia Galega.

O presidente da RAG, Víctor Freixanes; e mais o académico correspondente e musicólogo Fernando López-Acuña e a investigadora -coordinadores da web- presentaron hoxe en rolda de prensa o libro e mais a páxina, ambas as iniciativas apoiadas economicamente pola Deputación de Pontevedra.

A sala Ártika de Vigo celebra con dramaturxias o 25 de abril

Redacción | Nós Diario

A sala Ártika de Vigo acolle hoxe ás 20 horas a presentación do libro *Laboratorio de escrita para Teatro Revolucións* da man do Club de Lectura realizado na sala viguesa. O acto contará coa lectura dramatizada de dous dos seis textos que integran o volume: *Vitória*, da galega Iria Pinheiro-Santos e *A grande cerimonia*, da portuguesa Bárbara Soares.

Coa intención de construír espazos de encontro desde os que achegarse un pouco máis á dramaturxia contemporánea, a Sala Ártika incorporouse así ao proxecto de escrita coordinado polo dramaturgo Ricardo Correia, a dramaturga Vanesa Sotelo e a mais antropóloga Sónia Ferreira.

Xunto coa presenza da autora Iria Pinheiro e do elenco formado polos integrantes do club de lectura (Rosa Estévez, Rolando Sánchez, Pablo Rodríguez, Nuria Otero, Nuria Pérez, João José Gouveia e Roberto Vázquez), o acto contará coa participación do actor Salvador del Río, da actriz Arantza Villar e da dramaturga Paula Carballeira.

A segunda edición do *Laboratorio de Escrita para Teatro-Dramaturgias Políticas Contemporáneas* reuniu en 2023 seis dramaturgas co obxectivo de escribir pezas breves a partir do tema *Revolucións*, anticipando as celebracións dos 50 anos do 25 de abril.

As participantes: Bárbara Soares (Portugal), Iria Pinheiro (Galiza), Inês Mendes (Portugal), Filipe Santos (Portugal), Martin Santos (Portugal), Célia Meguelatti (Francia) convocaron diferentes revolucións para tratar o tema que foron desenvolvendo ao longo de seis meses de escrita que neste mes de febreiro inicia o seu encontro co público. Ademais do acto en Ártika, o proxecto ten previstas presentacións en Coimbra durante o mes de abril e en Loulé no mes de maio.



Reconstrución dun dos murais de Lúgrís na Coruña.

A Xunta puxa polos murais coruñeses de Lúgrís

Redacción | Nós Diario

A Xunta de Galiza vén de presentar unha oferta no Xulgado Mercantil número 3 da Coruña para adquirir os murais realizados por Urbano Lúgrís na rúa Olmos da Coruña, por un importe de 35.000 euros. O obxectivo da adquisición é restaurar o conxunto mural para poñelo a disposición da cidadanía. O Goberno galego avaliará a posibilidade de trasladalos ao Museo de Belas Artes da Coruña, onde pasarían a estar expostos tendo en conta as razóns de interese social, así como as cuestións de conservación.

Ministerio e Consellarías elaboran un plan Acordo estatal para reforzar os equipamentos culturais

Redacción | Nós Diario

O ministro de Cultura, Ernest Urtsun, anunciou onte a posta en marcha dun Plan de fomento territorial de equipamentos culturais (PITEC) co obxectivo de identificar e reforzar aqueles que sexan estratégicos a nivel estatal ou internacional, con independencia de que sexan ou non equipamentos de titularidade do Estado. Segundo Urtsun, o plan de investimento constará de dúas fases. A primeira consistirá na elaboración dun mapa destas infraestruturas estratégicas que son propiedade das comunidades autónomas ou concellos en coordinación con todas as admi-

nistracións. E o segundo será un plan para reforzar e investir nos devanditos equipamentos. "Algúns destas actuacións xa están orzamentadas e están a levarse a cabo, do que se trata agora é de avanzar na igualdade en todas as comunidades autónomas", explicou o ministro en rolda de prensa en Avilés (Asturias), onde presidiu o Pleno da Conferencia Sectorial de Cultura -que non se celebraba presencialmente desde abril de 2022-, no que participaron responsábeis de Cultura. "Isto debe ser prioridade e debe existir un plan a nivel estatal", remarcou na reunión o director xeral de Cultura da Xunta da Galiza, Anxo M. Lourenzo.